# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP DE SESTELO-BAIÓN
CURSO: 6.º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA CASTELÁ
DEPARTAMENTO: -
DATA: 11/05/2020

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| LC-B1.1 | 6º-LCB1.1.1 - Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica). |
| LC-B1.1 | 6º-LCB1.1.2 - Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección. |
| LC-B1.1 | 6º-LCB1.1.3 - Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais. |
| LC-B1.1 | 6º-LCB1.1.4 - Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel da persoa moderadora e certas normas de cortesía. |
| LC-B1.2 | 6º-LCB1.2.1 - Emprega conscientemente recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais |
| LC-B1.3 | 6º-LCB1.3.1 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. |
| LC-B1.3 | 6º-LCB1.3.2 - Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado. |
| LC-B1.3 | 6º-LCB1.3.3 - Participa activamente en diversas situacións de comunicación: Debates e diálogos. Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación. |
| LC-B1.3 | 6º-LCB1.3.4 - Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula, cooperando en situacións de aprendizaxe compartida. |
| LC-B1.4 | 6º-LCB1.4.1 - Amosa unha actitude de escoita atenta. |
| LC-B1.4 | 6º-LCB1.4.2 - Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social. |
| LC-B1.4 | 6º-LCB1.4.3 - Interpreta o sentido dos elementos básicos do texto necesarios para a comprensión global (léxico, locucións). |
| LC-B1.5 | 6º-LCB1.5.1 - Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe. |
| LC-B1.5 | 6º-LCB1.5.3 - Diferenza polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas (palabras homófonas, homónimas, parónimas, polisémicas). |
| LC-B1.6 | 6º-LCB1.6.1 - Identifica o tema do texto. |
| LC-B1.6 | 6º-LCB1.6.2 - Identifica as ideas principais dun texto. |
| LC-B1.6 | 6º-LCB1.6.3 - Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias. |
| LC-B1.7 | 6º-LCB1.7.1 - Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade as distintas estratexias de comunicación oral. |
| LC-B1.8 | 6º-LCB1.8.1 - Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas. |
| LC-B1.8 | 6º-LCB1.8.2 - Responde de forma correcta a preguntas correspondentes á comprensión literal, interpretativa e crítica do texto, e infire o sentido de elementos non explícitos nos textos orais. |
| LC-B1.8 | 6º-LCB1.8.3 - Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva. |
| LC-B1.9 | 6º-LCB1.9.1 - Reproduce comprensiblemente textos orais breves e sinxelos imitando modelos e axustándose á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). |

| | |
|---|---|
| LC-B1.9 | 6º-LCB1.9.2 - Recorda algunhas ideas básicas despois de escoitar un texto e exprésaas oralmente en resposta a preguntas directas. |
| LC-B1.9 | 6º-LCB1.9.3 - Organiza e planifica o discurso axeitándose á situación de comunicación e aos diferentes modos discursivos (narrar, describir, informarse e dialogar) empregando os recursos lingüísticos pertinentes. |
| LC-B1.10 | 6º-LCB1.10.1 - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal. |
| LC-B1.11 | 6º-LCB1.11.1 - Resume entrevistas, noticias e debates infantís procedentes da radio, televisión e da internet. |
| LC-B1.11 | 6º-LCB1.11.2 - Transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade, axustándose á estrutura e linguaxe propios do xénero e imitando modelos. |
| LC-B1.11 | 6º-LCB1.11.3 - Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas do seu interese, seguindo modelos. |
| LC-B1.11 | 6º-LCB1.11.4 - Prepara, seguindo modelos, reportaxes sobre temas de seu interese. |
| LC-B2.1 | 6º-LCB2.1.1 - Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. |
| LC-B2.1 | 6º-LCB2.1.2 - Descodifica con precisión e rapidez todo tipo de palabras. |
| LC-B2.2 | 6º-LCB2.2.1 - Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta. |
| LC-B2.2 | 6º-LCB2.2.2 - Comprende, con certo grao de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). |
| LC-B2.3 | 6º-LCB2.3.1 - Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade. |
| LC-B2.3 | 6º-LCB2.3.2 - Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos. |
| LC-B2.4 | 6º-LCB2.4.1 - Capta o propósito de diferentes tipoloxía textuais. Identifica as partes da súa estrutura organizativa, analiza a súa progresión temática. |
| LC-B2.4 | 6º-LCB2.4.2 - Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto. |
| LC-B2.4 | 6º-LCB2.4.3 - Recoñece algúns mecanismos de cohesión en diferentes tipos de texto. |
| LC-B2.4 | 6º-LCB2.4.4 - Elabora esquemas a partir de textos expositivos. |
| LC-B2.5 | 6º-LCB2.5.1 - Interpreta o valor do título e as ilustracións. |
| LC-B2.5 | 6º-LCB2.5.2 - Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global. |
| LC-B2.5 | 6º-LCB2.5.3 - Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto. |
| LC-B2.5 | 6º-LCB2.5.4 - Realiza inferencias e formula hipóteses. |
| LC-B2.5 | 6º-LCB2.5.5 - Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes. |
| LC-B2.5 | 6º-LCB2.5.6 - Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais sinxelos. |
| LC-B2.6 | 6º-LCB2.6.1 - Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos. |
| LC-B2.6 | 6º-LCB2.6.2 - Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra. |

| | |
|---|---|
| LC-B2.7 | 6º-LCB2.7.1 - Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo. |
| LC-B2.8 | 6º-LCB2.8.1 - Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto. |
| LC-B2.8 | 6º-LCB2.8.2 - Comprende textos xornalísticos e publicitarios. Identifica a súa intención comunicativa. Diferenza entre información, opinión e publicidade. |
| LC-B2.8 | 6º-LCB2.8.3 - Infire, interpreta e formula hipótese sobre o contido. Sabe relacionar os elementos lingüísticos cos non lingüísticos nos diferentes tipos de textos. |
| LC-B2.8 | 6º-LCB2.8.4 - Establece relación entre as ilustracións e os contidos do texto, presenta hipóteses, realiza predicións, e identifica na lectura o tipo de texto e a intención. |
| LC-B2.8 | 6º-LCB2.8.5 - Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos publicitarios. |
| LC-B2.9 | 6º-LCB2.9.1 - Utiliza os medios informáticos para obter información. |
| LC-B2.9 | 6º-LCB2.9.2 - Interpreta a información e fai un resumo da mesma. |
| LC-B2.10 | 6º-LCB2.10.1 - Utiliza a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento da mesma. |
| LC-B2.10 | 6º-LCB2.10.2 - Expón os argumentos de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora,editorial,xénero ou ilustracións. |
| LC-B2.10 | 6º-LCB2.10.3 - Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de lecer manifestando a súa opinión sobre os textos lidos. |
| LC-B3.1 | 6º-LCB3.1.1 - Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, . |
| LC-B3.1 | 6º-LCB3.1.2 - Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas. |
| LC-B3.1 | 6º-LCB3.1.3 - Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura. |
| LC-B3.2 | 6º-LCB3.2.1 - Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal. |
| LC-B3.2 | 6º-LCB3.2.2 - Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel. |
| LC-B3.2 | 6º-LCB3.2.3 - Reproduce textos ditados con corrección. |
| LC-B3.2 | 6º-LCB3.2.4 - Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais. |
| LC-B3.3 | 6º-LCB3.3.1 - Utiliza habitualmente o dicionario, en papel e en liña, no proceso de escritura. |
| LC-B3.4 | 6º-LCB3.4.1 - Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais e revistas). |
| LC-B3.4 | 6º-LCB3.4.2 - Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e informático, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións. |

| | |
|---|---|
| LC-B3.4 | 6º-LCB3.4.3 - Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico. |
| LC-B3.5 | 6º-LCB3.5.1 - Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal. |
| LC-B3.6 | 6º-LCB3.6.1 - Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas e usa, de xeito habitual, unha linguaxe non sexista |
| LC-B3.7 | 6º-LCB3.7.1 - Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. - Reescribe o texto. |
| LC-B3.7 | 6º-LCB3.7.2 - Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. |
| LC-B3.8 | 6º-LCB3.8.1 - Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas. |
| LC-B4.1 | 6º-LCB4.1.1 - Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións. |
| LC-B4.1 | 6º-LCB4.1.2 - Conxuga e usa con corrección todos os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos. |
| LC-B4.1 | 6º-LCB4.1.3 - Diferenza familias de palabras. |
| LC-B4.2 | 6º-LCB4.2.1 - Identifica e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas. |
| LC-B4.2 | 6º-LCB4.2.2 - Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas |
| LC-B4.2 | 6º-LCB4.2.3 - Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. |
| LC-B4.2 | 6º-LCB4.2.4 - Recoñece e usa os conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade... |
| LC-B4.2 | 6º-LCB4.2.5 - Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferencia suxeito e predicado. |
| LC-B4.3 | 6º-LCB4.3.1 - Recoñece a estrutura do dicionario e tipos de dicionario, en diferentes soportes e úsaos para buscar o significado de calquera palabra (derivadas e sinónimas). |
| LC-B4.3 | 6º-LCB4.3.2 - Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario. |
| LC-B4.3 | 6º-LCB4.3.3 - Recoñece e usa correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas. |
| LC-B4.4 | 6º-LCB4.4.1 - Sinala as características que definen ás diferentes clases de palabras e nomes: clasificación e uso para construír o discurso nos diferentes tipos de producións |
| LC-B4.4 | 6º-LCB4.4.2 - Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. |
| LC-B4.4 | 6º-LCB4.4.3 - Aplica correctamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto. |
| LC-B4.4 | 6º-LCB4.4.4 - Usa con corrección os signos de puntuación. |
| LC-B4.4 | 6º-LCB4.4.5 - Aplica as normas do uso da til. |
| LC-B4.4 | 6º-LCB4.4.6 - Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias. |
| LC-B4.5 | 6º-LCB4.5.1 - Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe. |

| | |
|---|---|
| LC-B4.6 | 6º-LCB4.6.1 - Valora a variedade lingüística de España e o español de América. |
| LC-B4.6 | 6º-LCB4.6.2 - Recoñece e identifica algunhas das características relevantes (históricas, socioculturais, xeográficas e lingüísticas) das linguas oficiais en España. |
| LC-B5.1 | 6º-LCB5.1.1 - Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos. |
| LC-B5.2 | 6º-LCB5.2.1 - Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. |
| LC-B5.2 | 6º-LCB5.2.2 - Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos literarios. |
| LC-B5.3 | 6º-LCB5.3.1 - Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas. |
| LC-B5.3 | 6º-LCB5.3.2 - Utiliza comparacións, metáforas, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios. |
| LC-B5.4 | 6º-LCB5.4.1 - Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións. |
| LC-B5.5 | 6º-LCB5.5.1 - Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou adecuados á súa idade e de textos de produción propia. |
| LC-B5.5 | 6º-LCB5.5.2 - Memoriza e reproduce textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións, refráns e adiviñas. |
| LC-B5.6 | 6º-LCB5.7.1 - Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. |

En vermello, os criterios e estándares considerados non esenciais e que quedan excluídos da programación do terceiro trimestre.

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: Análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas. |
| | Instrumentos: Investigacións, diálogo, posta en común, probas obxectivas, interpretación de datos, exposición dun tema. |
| **Cualificación final** | **<u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u>**<br>**-1ª Avaliación:** computará un 45 % do total da cualificación final do curso.<br>**-2ª Avaliación:** computará un 45 % do total da cualificación final do curso.<br>**-3ª Avaliación:** valorarase a realización das tarefas encomedandas durante o período de atención educativa non presencial cun 10 % do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballarase na recuperación e reforzo dos contidos non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Non procede en primaria |
| **Alumnado de materia pendente** | Non hai alumnado con materias pendentes |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades deste terceiro trimestre adaptaranse ás características propias das tecnoloxías dixitais. Levaranse a cabo actividades de recuperación, repaso e reforzo pero tamén de ampliación relacionadas con aprendizaxes imprescindibles que figuraban na programación inicial do curso.<br><br>O alumnado realizará, fundamentalmente, estas actividades:<br><br>• **Fichas dixitais de autocorrección diarias** elaboradas polo docente e contextualizadas para este grupo e para os estándares de aprendizaxe que tomamos en consideración.<br>• **Lecturas e comentarios** sobre os contidos do trimestre relacionados particularmente coa saúde e cos seres vivos.<br>• **Investigación en internet** sobre saúde pública e sistemas sanitarios, medidas de prevención contra a COVID-19, hixiene e seguridade, etc.<br>• **Clube de lectura.** En torno á novela *El jinete del dragón*, de Cornelia Funke, desenvolvemos un clube de lectura entre todo o alumnado. A razón dun capítulo diario establecemos despois da súa lectura un espazo de comentario sobre a trama, o marco da historia, os personaxes, as motivacións e actitudes dos mesmos, etc. Cada capítulo acompáñase dunha ficha dixital que promove a adquisición de vocabulario. Tamén promovemos actividades artísticas empregando as novas tecnoloxías. Todos os traballos realizados quedan expostos no grupo da plataforma Agueiro para goce do alumnado e das súas familias. |

| | |
|---|---|
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todo o alumnado do grupo ten conexión a internet con algunhas incidencias puntuais debidas á mala cobertura da rede e quizais aos propios dispositivos. As videoconferencias diarias (2 horas pola mañá e unha hora pola tarde) tratan de fortalecer os lazos entre os membros do grupo e encaixan nunha visión cooperativa da aprendizaxe, o rasgo esencial da metodoloxía que utilizamos na aula e que, na medida do posible, desexamos continuar a distancia.<br><br>Traballaremos nos dous modos básicos de ensino a distancia:<br>Sincrónico, por medio de videoconferencia para propoñer actividades en liña, detectar e solucionar dúbidas, e proporcionar feed-back en vivo.<br>Asincrónico, suxerindo tarefas que se poden facer ao longo da xornada ou da semana como a elaboración de traballos de investigación, blogues de aula, etc.<br><br>O grupo na plataforma educativa Agueiro é un elemento fundamental desde o punto de vista metodolóxico porque permite traballar en conxunto, compartindo todo tipo de materiais didácticos e promovendo proxectos compartidos, pero ao mesmo tempo facilita a conciliación da vida familiar ao permitir o acceso a todas as videoconferencias e actividades en calquera momento do día.<br><br>O desenvolvemento das competencias clave con propostas de tarefas integradas e globalizadas é outro dos rasgos esenciais da metodoloxía. A competencia dixital e a competencia social e cívica están a ter un tratamento privilexiado, sen esquecer o resto de competencias que conforman o currículo de primaria.<br><br>Na área de lingua castelá imos realizar actividades de reforzo dos contidos xa tratados nos primeiros trimestres, pero tamén sobre novas unidades, especialmente as relacionadas con aspectos do coñecemento da lingua como as categorías gramaticais, regras de ortografía e sintaxe. Tamén aproveitaremos para levar a cabo lecturas sobre os países que formaban parte do proxecto anual da aula: Ucraína e Perú. |
| **Materiais e recursos** | Presentacións de diapositivas multimedia<br>Fichas de exercicios<br>Fichas dixitais de autocorrección<br>Medios de comunicación dixitais e bibliografía específica<br>Fontes oficiais de información<br>Recursos tecnolóxicos propios: ordenador, webcam, micrófono, escáner, subscricións a provedores de servizos, etc. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O alumnado e as familias contan con información completa e detallada desde o inicio do período de confinamento. Esa información reformouse coas modificacións introducidas polas autoridades educativas e unha vez reformada foi trasladada a todas as familias.<br><br>Empregamos diversos recursos e canles de comunicación:<br><br>Alumnado<br>No grupo de aula na plataforma Agueiro publicamos un documento en PDF orientado aos rapaces. Acompañamos o documento cunha presentación de diapositivas en Google. Ademais aproveitamos a primeira videoconferencia en Webex para trasladar unha mensaxe clara sobre os obxectivos principais neste último trimestre e sobre a maneira de resolver a avaliación final e a promoción á seguinte etapa.<br><br>Familia<br>Mantemos desde o inicio de curso un contacto permanente a través de Abalar móbil, servizo de mensaxería e cooperación Taskade e correo electrónico. Empregamos tamén a propia plataforma Agueiro para compartir indicacións orientadas ás familias. Ás poucas semanas de iniciar a educación a distancia solicitamos a participación nunha enquisa que deu un grao de satisfacción dun 4,4 sobre cinco. |
| **Publicidade** | Publicación na páxina web do centro |